



Resolución reitoral do 31 de marzo de 2025 pola que se convocan as eleccións de directoras e directores de departamentos da Universidade da Coruña

Ao abeiro do que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o Regulamento electoral xeral, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 28 de setembro de 2016 (en diante REX), e en uso das facultades que me atribúen os devanditos estatutos, RESOLVO convocar as eleccións de directoras e directores de departamentos da Universidade da Coruña, nas condicións e segundo o procedemento que figura no anexo I e no calendario que figura no anexo II.

Esta resolución publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.

O reitor

Ricardo J. Cao Abad



ANEXO I

I. COLEXIOS ELECTORAIS

O colexio electoral correspóndense co consello de cada un dos departamentos que se relacionan a continuación:

- Departamento de Bioloxía (centro de adscrición: Facultade de Ciencias)
- Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información (centro de adscrición: Facultade de Informática)
- Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña (centro de adscrición: Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas)
- Departamento de Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas (centro de adscrición: Escola Técnica Superior de Arquitectura)
- Departamento de Dereito Privado (centro de adscrición: Facultade de Dereito)
- Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación (centro de adscrición: Facultade de Ciencias da Educación)
- Departamento de Economía (centro de adscrición: Facultade de Economía e Empresa)
- Departamento de Educación Física e Deportiva (centro de adscrición: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física)
- Departamento de Empresa (centro de adscrición: Facultade de Economía e Empresa)
- Departamento de Enxeñaría Civil (centro de adscrición: ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos)
- Departamento de Enxeñaría de Computadores (centro de adscrición: Facultade de Informática)
- Departamento de Enxeñaría Industrial (centro de adscrición: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol)
- Departamento de Enxeñaría Naval e Industrial (centro de adscrición: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol)
- Departamento de Expresión Gráfica Arquitectónica (centro de adscrición: Escola Técnica Superior de Arquitectura)
- Departamento de Física e Ciencias da Terra (centro de adscrición: Facultade de Ciencias)
- Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas (centro de adscrición: Facultade de Fisioterapia)
- Departamento de Humanidades (centro de adscrición: Facultade de Humanidades e Documentación)
- Departamento de Matemáticas (centro de adscrición: Facultade de Informática)



- Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición (centro de adscrición: Escola Técnica Superior de Arquitectura)
- Departamento de Química (centro de adscrición: Facultade de Ciencias)

II. PERSOAS ELIXIBLES

Son persoas elixibles os membros do consello de departamento con vinculación permanente á Universidade doutores, así como o profesorado non doutor nos casos sinalados no artigo 44 do REX.

III. PERSOAS ELECTORAS

Son persoas electoras todos os membros do consello de departamento que pertencen ao PDI, ao PTXAS e ao estudantado, así como as persoas contratadas por obra ou servizo con cargo ao capítulo VI dos orzamentos da UDC nos termos previstos no artigo 3.1 do REX.

IV. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

As persoas elixibles presentarán a súa candidatura de dous modos diferentes segundo sexan doutoras ou non.

1º. No prazo de presentación de candidaturas recollido no calendario do anexo II, as persoas elixibles doutoras presentarán a súa candidatura, dirixida á presidenta da Comisión Electoral Central, no rexistro do centro correspondente.

O escrito, asinado pola candidata ou candidato, conterá os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Número do documento oficial de identificación
- Centro e departamento a que está adscrito

As persoas responsables do rexistro do centro enviarán as candidaturas que lles presenten ao enderezo comision.electoral@udc.gal.

A proclamación provisoria e definitiva de candidatas e candidatos será realizada pola Comisión Electoral Central e publicarase na páxina web da UDC.

Dentro do prazo establecido no calendario do anexo II poderán presentarse recursos e solicitudes de rectificación por correo electrónico ao enderezo comision.electoral@udc.gal. Os recursos e as solicitudes de rectificación deberán resolverse no prazo establecido no calendario do anexo II.

Se non se presentasen recursos nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez que se resolvan, a Comisión Electoral Central procederá á proclamación definitiva de candidaturas.

De se presentar só unha candidatura de profesorado doutor, a persoa candidata definitiva será proclamada electa sen necesidade de proceder á votación (artigo 16.4 do REX).



2º. Logo de finalizada a primeira volta de votación entre profesorado doutor sen que ningunha das persoas candidatas teña acadada maioría absoluta dos votos dos membros do consello de departamento, poderá presentar candidatura na propia sesión extraordinaria o profesorado non doutor.

A ditos efectos, rematada a primeira votación, a persoa directora do departamento ofrecerá ao profesorado non doutor a posibilidade de presentar a súa candidatura. Previa comprobación de que están no censo, a persoa secretaria do departamento recollerá na acta as persoas que se presentan como candidatas.

V. REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

1. Convocatoria:

De se presentar candidaturas de dous ou mais membros do profesorado doutor, a persoa directora de departamento en funcións deberá convocar aos membros do consello de departamento a unha reunión extraordinaria para a elección de directora ou director de departamento.

Co fin de que todas as persoas electoras poidan exercer o dereito ao sufraxio, a persoa directora de departamento evitará que a reunión extraordinaria coincida con calquera outra reunión de órganos colexiados no centro ao que se adscribe o departamento.

A sesión extraordinaria do consello de departamento será presidida pola persoa directora en funcións, salvo que se presentar como candidata, en cuxo caso presidirá o membro de máis idade presente no consello. Actuará como secretaria a persoa que o for do departamento, salvo que se presentar como candidata, en cuxo caso será substituída polo membro presente que designar a presidencia.

As papeletas, que serán elaboradas polo centro, conterán a relación de candidaturas proclamadas definitivamente, colocadas por orde alfabética, e un recadro ao lado para marcar o voto a favor da candidatura, nos termos dispostos no artigo 20 do REX.

2. Votación en primeira volta:

A presidencia concederá un espazo de 15 minutos a cada unha das persoas candidatas doutoras para exporen ante a xunta o seu programa e, a continuación, outros 15 minutos para responderen ás preguntas que lles formularen os membros do consello.

Finalizadas as intervencións, procederase á votación, que será nominal e secreta.

Celebrada a votación, será proclamada directora de departamento aquela persoa candidata que obtiver o voto da maioría absoluta dos membros do consello de departamento.



3. Votación en segunda volta:

No caso de non haber ningunha persoa candidata que obtiver a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación na mesma sesión do consello.

A presidencia ofrecerá ao profesorado non doutor con vinculación permanente a posibilidade de presentar a súa candidatura e lle ofrecerá un espazo de 15 minutos para expor ante a xunta o seu programa e, a continuación, outros 15 minutos para responder ás preguntas que lle formular os membros do consello.

Finalizadas as intervencións, procederase á votación, que será nominal e secreta, entre a candidata doutora que teña acadado mais votos na primeira volta e as persoas candidatas non doutoras. Resultará elixida a candidata que obtiver un maior número de votos.

4. O resultado da votación será comunicado á Comisión Electoral Central para os efectos da súa publicación (artigo 41 do REX).

VI. PROCLAMACIÓN PROVISORIA E DEFINITIVA DE CANDIDATAS ELECTAS

A proclamación provisoria e definitiva de persoas candidatas electas será realizada pola Comisión Electoral Central e publicarase na páxina web da UDC.

Dentro do prazo establecido no calendario do anexo II poderán presentarse recursos e solicitudes de rectificación por correo electrónico ao enderezo comision.electoral@udc.gal.

Os recursos e as solicitudes de rectificación deberán resolverse no prazo establecido no calendario do anexo II.

Se non se presentaren recursos nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez que se resolvan, a Comisión Electoral Central procederá á proclamación definitiva de candidaturas electas.



ANEXO II

CALENDARIO ELECTORAL

1. Convocatoria de eleccións (publicación): 1 de abril de 2025 (martes)
2. Publicación do censo electoral provisorio: 2 de abril de 2025 (mércores)
3. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo electoral provisorio:
 - Prazos de presentación: do 3 de abril (xoves) ao 7 de abril de 2025 (luns), até as 14:00 horas
 - Prazos de resolución: do 8 de abril (martes) ao 10 de abril de 2025 (xoves)
4. Data de publicación do censo definitivo: 11 de abril de 2025 (venres)
5. Prazo de presentación de candidaturas: do 22 de abril (martes) ao 28 de abril de 2025 (luns), até as 14:00 horas
6. Proclamación provisorio de candidaturas: 29 de abril de 2025 (martes)
7. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidaturas:
 - Prazos de presentación: do 30 de abril (mércores) ao 2 de maio de 2025 (venres), até as 14:00 horas
 - Prazos de resolución: do 5 de maio (luns) ao 6 de maio de 2025 (martes)
8. Proclamación definitiva de candidaturas: 7 de maio de 2025 (mércores)
9. Campaña electoral: do 8 de maio (xoves) ao 12 de maio de 2025 (luns)
10. **Data da votación: 14 de maio de 2025** (mércores)
11. Proclamación provisorio de candidaturas electas: 15 de maio de 2025 (xoves)
12. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidaturas electas:
 - Prazos de presentación: do 16 de maio (venres) ao 19 de maio de 2025 (luns), até as 14:00 horas
 - Prazos de resolución: do 20 de maio (martes) ao 22 de maio de 2025 (xoves)
13. Proclamación definitiva de candidaturas electas: 23 de maio de 2025 (venres)